

Texto: **MIGUEL DE UNAMUNO**  
 Ilustracións: **ARTUR HERAS**  
 Selección e biografía: **ANTONIO RUBIO**  
**FEDERICO MARTÍN NEBRAS**

Encadernado en cartón. Colección Trece Lúas.  
 40 páxinas en color. 15x23,5 cm.  
 ISBN 978-84-96957-65-7  
 Prezo: 15 €

# MIGUEL DE UNAMUNO

SELECCIÓN POÉTICA

**"He aquí mi confesión,  
 este rimado diario,  
 y como en un diccionario  
 puede anidar la canción".**

**(Miguel de Unamuno)**

Tralas seleccións poéticas adicadas a Rosalía de Castro e Celso Emilio Ferreiro, dous dos máximos expoñentes das Letras en Galicia, FAKTORÍA K reforza a colección 'Trece Lúas' coa obra en castelán de Gabriela Mistral, cuxa figura está unida ao patrimonio histórico e literario chileno, e de Miguel de Unamuno, un dos principais poetas do século XX, gran amigo de inventar linguaxes especiais: "Dipe-lepe ape Papecope quepe voype ape rompeperpelepe lospe moperrospe".

Admiraba a literatura que se transmite entre os nenos -cantigas de roda, historias breves e humorísticas, relatos orais, chascos- sen contaminación dos maiores. E consideraba a linguaxe un xoguete en si mesmo: "Unha nova palabra excita a nosa ledicia coma un novo bicho", dixo en *Recuerdos de niñez y mocedad*.

As trece composicións desta escolma pertencen ao seu *Cancionero*, un diario formado por máis de 1.700 poemas. As ilustracións de Artur Heras, a base de técnica mixta e tratamento dixital, xogan co simbolismo, a asociación de ideas, a lingua e a cor.

Un libro que convida a ler un poema cada día, ou cada semana, ou cada mes luar. Logo pódese deixar descansando nun atril, aberto na ilustración que se desexe, que non é nen máis nen menos, que a lectura que o artista plástico fixo das palabras do poeta, para deleite dos ollos do lector e da súa ollada máis persoal.

## MIGUEL DE UNAMUNO (Bilbao, 1864-1936)

Filósofo, poeta, novelista e autor teatral. Estudou na Universidade de Madrid e foi catedrático na Universidade de Salamanca, da que chegou a ser rector. Criticou a monarquía de Alfonso XIII, exiliouse en Francia a raíz da ditadura de Miguel Primo de Rivera, e tamén se opuxo ao réxime franquista. Pasou os seus últimos días recluído no seu domicilio salmantino. Formado intelectualmente no racionalismo e no positivismo, durante a súa mocidade simpatizou coa doutrina socialista e amosou a súa preocupación pola situación do país, recollida na súa famosa frase "Dóeme España!". Como ensaista, publicou "En torno al casticismo" (1895) ou "Vida de Don Quijote y Sancho" (1905). Na súa obra narrativa destacan obras como "Niebla" (1914) ou "La tía Tula" (1921). A súa produción literaria está impregnada de preocupacións sobre o existencialismo, con títulos como "Del sentimiento trágico de la vida" (1913). As súas inquedanzas espirituais tamén se reflicten nos poemarios "Poesías" (1907) ou "Cancionero" (1953), entre outros.

## ARTUR HERAS (Xàtiva, 1945)

Estudou na Escola de Belas Artes San Carlos de Valencia. A principios dos 60 a súa obra iniciou un importante movemento de renovación da figuración. Impregnado de sátira social e denuncia, especialmente durante o franquismo, o seu traballo utiliza os recursos da estética pop como instrumentos de protesta. Dirixiu a Sala Parpalló entre 1980 e 1995. Traballou con editoriais de España, Alemaña e Francia na ilustración de libros infantís. Como escultor, é autor de monumentos públicos de grande orixinalidade.



- **Temática:** selección de 13 poemas de Unamuno: ABC - El grillo asierra la siesta - Érase una vez - La rueda Catalina - Pajaritas de rima - Caminito de Santiago - Flor de sol - Golondrina, peregrina - Mimbrenño talle de avispa - Cochorro de mi niñez - 8 ∞ 00 - Canción rueda - La media luna es cuna
- **Idade recomendada:** dende 7 anos
- **Aspectos destacables:** ilustracións creadas a partir da lectura de cada poema; contén biografía do autor e texto do ilustrador